



A descuberta dun cartaz

María Victoria Carballo-Calero Ramos
Iria-Friné Rivera Vázquez



Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só se poderá realizar coa autorización dos seus titulares, salvo excepción prevista pola ley. Dirixase a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos, www.cedro.org) se necesita fotocopiar, escanear ou facer copias dixitais dalgún fragmento desta obra.

Primeira Edición: febreiro de 2021

Edita: Deputación de Ourense
Reproducción fotográfica: Alberte Paz

© dos textos: María Victoria Carballo-Calero
e Iria-Friné Rivera Vázquez
© Deputación de Ourense, 2021

IMPRESO EN ESPAÑA / PRINTED IN SPAIN
DEPÓSITO LEGAL: OU-9-2021

Impreso na imprenta da Deputación de Ourense.

An abstract graphic design featuring large, bold shapes in red, green, and black. The red shape is a large, irregular form on the left and top. The green shape is a smaller, irregular form on the right. The black shape is a large, irregular form on the bottom right. The shapes are layered and overlap, creating a sense of depth and movement. The overall style is graphic and minimalist.

A descuberta dun cartaz

María Victoria Carballo-Calero Ramos
Iria-Friné Rivera Vázquez



Autor
Cândido Fernández Mazas

Título
NÓS. REVISTA DA CULTURA GALEGA. OURENSE.
GRABADO CÔREADO DE FERMAZAS

Técnica
Linóleo en cor sobre papel industrial

Medidas
59,5 x 42,5 cm

Orixe
Biblioteca privada de Guimarães,
procedente de Teixeira de Pascoaes

Cándido Fernández Mazas

Biografía

- 1902** Nace en Ourense o 15 de decembro.
- 1920** Ata ese momento realizou magníficos debuxos dos que algúns se conservan na Fundación Vicente Risco, e moitos apuntamentos a mina de chumbo.
- 1922** Publica algúns textos de xornalismo de creación no diaria *La Zarpa* de Ourense. Posiciónase ao lado de Eugenio Montes na polémica sobre o manifesto *Máis Alá*.
- 1923** Deseña e ilustra o libro de poemas de Francisco Luís Bernárdez *Kindergarten*. Comezan as colaboracións en *Alfar*.
- 1924** Colabora no diario *El Pueblo Gallego*, como ilustrador e articulista. Colabora no diario *Galicia* de Vigo cunha ilustración de Lustres Rivas.
- 1925** Iníciase como linoleísta en *La Zarpa*, diario agrarista de Basilio Álvarez. Viaxa a París por primeira vez, pensionado pola Deputación de Ourense. A estancia ten unha duración de catro meses e coincide nas aulas da Academia Grande Chaumière con Alberto Giacometti. Comparte estudo con Pancho Cossío.
- 1927** Volve a París por segunda e última vez, de novo cunha bolsa da Deputación de Ourense. Permanece case medio ano e regresa precipitadamente debido á inestabilidade nerviosa que o perseguirá toda a súa vida.


- 1929** Colabora como ilustrador no diario *La República* de Ourense dirixido por Jacinto Santiago.
- 1930** Publica *Santa Margorí* na editorial madrileña Alcor Galaico.
- 1931** Posiciónase contra os galeguistas durante a campaña en favor do Estatuto de Autonomía. Prodúcese a súa intervención no Teatro Losada de Ourense, que remata cunha pelexa. Ante as difamacións, publica ao día seguinte un panfleto titulado *Mientras la caravana pasa*. Comeza a colaborar en *Vanguardia Gallega*, dirixida polos irmáns Correo Calderón.
- 1932** Escribe a obra de teatro *Los Cuernos Disparatados*, farsa en sete momentos.
- 1933** Colabora con algúns artigos na revista da Asociación de Traballadores do ensino de Ourense (ATEO). Organiza sendas exposicións en Santiago e A Coruña. Enrólase, cos seus amigos, nas *Misiones Pedagógicas*, ao seu paso por Galicia, entre eles Espasandín, Sánchez Barbudo, R. Gaya, R. Dieste e Serrano Plaja.
- 1934** Expón nas salas do Liceum Club que dirixe María de Maeztu.
- 1935** Realiza con regular periodicidade ilustracións para *El Pueblo Gallego*. Tamén para o diario *Política* de Madrid.
- 1936** Entra no gabinete de prensa de Gobernación. Colabora con publicacións como o semanario *El Combatiente Rojo* do POUM, dirixido polo seu amigo Eugenio Fernández Granell.
- 1937** Trasládase a Valencia onde colabora como ilustrador na revista *Umbral*. Alístase na brigada topográfica de artillería, sendo destinado á fronte de Teruel. Deserta e volve a Valencia. Refúxíase na aldea de Torres Bajas, nunha comuna de anarquistas vexetarianos.

- 1939** Cara ao final da guerra, regresa de novo a Valencia e intenta a fuxida. É detido en Jávea a bordo dun autobús en compañía de varios compañeiros anarquistas. Conducido ao cárcere Modelo de Valencia, permanece cinco meses sometido a proceso. Queda en liberdade condicional en decembro, grazas aos esforzos dos, daquela xuíces militares, Sebastián Martínez Risco e Díez Faes.
- 1940** Regresa a Casas do Penedo, onde se esconde o seu irmán, Armando que durante este tempo é o seu confidente. Consérvase bastante obra desta época, aínda que podemos considerala esporádica. Pinta, debuxa e escribe con míseros medios.
- 1942** Falece subitamente dun derrame cerebral o 15 de novembro, un mes antes de cumprir os corenta anos.



Cartaz de Fernández Mazas

María Victoria Carballo-Calero Ramos




O presente cartaz ten de ser considerado na contorna do movemento ultraísta e as revistas «de creación» que acadan o seu punto de inflexión no ano 1920, data na que cabe supor a elaboración da estampa. No nº 50 da revista *Grecia*, Guillermo de Torre incluía o «Manifesto ultraísta vertical», texto que resumía o afán vangardista e integrador de todas as novidades. Aparecía ilustrado polo artista uruguaio Rafael Barradas e pola arxentina Norah Borges –tantas veces citada por Fernández Mazas–. O propio Borges, hermano de Norah, xunto con Cansinos Assens, serán os encargados de glosaren o manifesto na revista *Reflector*, cuxa fantástica cuberta, obra de Barradas, revolucionará o mundo da ilustración e edición.

A estampa de Fernández Mazas é un exemplo de idilio con ese universo e, sobre todo, co ultraísmo manifesto noutra das grandes revistas –*Ultra*– na que colaboran, na faceta gráfica e ao lado de Barradas e Norah Borges, o artista polaco Paszkiewicz co cal –teño constancia– carteábase o ourensán obxecto deste estudo, e que ás veces asinaba como P. Marjan. Outro dos asiduos ilustradores era o tamén polaco Wladyslaw Jahl. No manifesto «Ultra», asinado entre outros por Guillermo de Torre e Xavier Bóveda (o poeta do rural) quedaba constancia da ansia renovadora latente: «... A salvación reside en aceptar todo o que sexa novo, caben as tendencias sen distinción con tal que expresen un anhelos novo...: cubismo, futurismo, dadá, construtivismo, expresionismo, todo ten cabida se é novo». En 1921, Cansinos, o teórico por excelencia, despedíase xa do ultraísmo noutra das grandes revistas que podemos considerar serodias, *Horizonte*, como dun «arco iris tras el aguacero» mentres para Alberti, en *La arboleda perdida*, a revista Horizonte era «más serena, más apaciguada» iniciando así o camiño cara á chamada «vuelta al orden».

Fernández Mazas forma parte do núcleo que constitúe a primeira vangarda galega, lonxe, pois, do espírito de NÓS, e que nace arredor de dúas revistas, a coruñesa *Alfar* e a lucense *Ronsel*. Artistas como Francisco Miguel, Luis Huici, Ramón Núñez Carnicer ou Álvaro Cebreiro son quen de articularen o expresionismo derivado de Casteño coas innovacións e influencias chegadas a través doutros artistas como Barradas –o artífice de *Alfar*– ou Norah Borges, acadando nas serigrafías e linóleos unha forza dinámica envexábel.



Fernández Mazas autor do ex-libris do libro de Xavier Bóveda *De los pazos gallegos*. Orense, Imprenta de La Región, 1922.



Fernández Mazas co pseudónimo Xohan Rafael autor do ex-libris do libro de Augusto M.ª Casas *Muiñada d'estrelas*. Ourense, Galaxia, 1926.



Ilustración de Fernández Mazas.



Ilustración de Huici na revista LUZ, nº 1, La Coruña, 1922.



Ilustración de Huici na revista LUZ, nº 1, La Coruña, 1922.

Neste cartaz, gravado sobre pranchas de linóleo, tres polo menos, unha para cada cor, danse os sinais da nova ilustración: utilízase a diagonal como forma de composición e elimínase o monoalfabeto tipográfico, pasando os diversos caracteres a seren debuxados artesanalmente. O xogo visual no que se utilizan os contrastes resulta evidente pois cumprese así cunha das esixencias da imprensa europea. O centro da estampa permanece en branco –respecta o branco da folla na impresión– e os motivos trátanse en negro iluminados con toques de vermello e verde. As diagonais aparecen reforzadas e a forma triangular perfílase como a preferida; nela sitúanse os caracteres de NÓS, a revista cultural galega que se anuncia, en branco sobre fondo negro. Rómpe-se deste xeito a columna simétrica tradicional ao mesmo tempo que se procura a conexión entre corpo tipográfico e texto. Na figura, pola contra, as formas tórnanse redondeadas, só perforadas cuns trazos en dente de serra moi característicos e que responden ao material escollido na gravura, o linóleo. No cartaz, a revista *Nós* anúnciase como «Revista da cultura galega». No ángulo inferior dereito, Fernández Mazas estampa o seu nome.

Non está de mais recordar que, ás veces, semella non estar contento co seu nome –convértese entón nun compulsivo utilizador de pseudónimos–: Denys Fernández, Dichi, Candinchi, Fermazas, Xohan Rafael, Juan Dis, Johan de Drados, Cándido Mauricio Fernández, F. M., D. F., figuran en calidade de sinaturas en cubertas e ilustracións de páxinas.

Para rematar, desexo insistir na visión personal e crítica cos defensores da arte considerada «tradicional». Un texto breve publicado na *Gaceta de Galicia*, da que foi redactor e mesmo coordinador da sección de arte antes do seu traslado a Madrid, di así:

«... Todo Valle-Inclán es Galicia, esta nuestra Galicia abierta al mundo, y no la otra, la que cultivan en coro orfeónico los dolmenistas, los de la farsada histórica. Lo nuestro es lo gallego, lo de ellos, la gallegada»
(M. Bangueses, 2008)

Xunto da devoción por Valle, o resto non ten desperdicio.

Bibliografía.

M.V. Carballo-Calero, *Dibujantes ourensanos en la revista ALFAR*, Museo de Pontevedra, XXXVII, 1983.

M. V. C-C., *Avance de un estudio sobre la ilustración en LA ZARPA con especial referencia a los artistas ourensanos Cándido Fernández Mazas y Xaime Prada*, Tiempo y espacio en el arte, Universidad Complutense, Madrid, 1994.

M. V. C-C., *Luis Huici e a revista LUZ, un dos precedentes de ALFAR (A Coruña, xullo de 1922)*, en Boletín del museo de Pontevedra, 1999.

M. V. C-C. y Jorge Varela Barrio (coordinadores), *La ilustración gráfica en Galicia, 1880-1936*, Duen De Bux, 2011.

Cándido Fernández Mazas. Vanguardia, militancia y olvido (1902-1942). Catálogo exposición CGAC/Circulo de Bellas Artes, Santiago/Madrid, 2002, (comisario José Manuel Bouzas).



Ilustración de Fernández Mazas na revista *Celtiga*, nº 10, Ferrol, 1922.

O mestre do Simultaneísmo galego no deseño do cartaz da revista Nós

Iria-Friné Rivera Vázquez
Fundación Luís Seoane



Unha historia circular.

Este extraordinario cartaz, firmado por Cándido Fernández Mazas, constitúe unha mostra do alcance audaz producido coa dinámica da revista *Nós*. É unha obra na que aparece o mellor do estilo de FerMazas: figuras representadas mediante os aspectos físicos máis expresivos, unha paleta cromática escollida e unha tipografía estilizada. Nel está representado, precisamente, un ilustrador realizando un deseño. Tanto o tema como a clase de imaxe é representativa non só dos valores que impulsaban a revista, senón tamén da explosión de creatividade que estaba a vivirse en Europa.

Un dos aspectos máis singulares desta obra é que se trata, polo momento, do único cartaz de *Nós*. Foi realizado en 1920, ano no cal saíu a revista. Resulta interesante en tanto que todos os elementos que o compoñen son unha proxección das ideas, referencias e correntes a nivel artístico e intelectual que estaban a sucederse nese momento. O artista executou un cartaz englobado dentro dos movementos de vangarda; a súa figura do ilustrador está plasmada sobre unha superficie plana, coa súa silueta de perfil mentres pinta unha liña. Todo nel está plasmado con tintas negras, mentres que o seu rostro e a súa man son dunha cor verde esmeralda. O punto máis destacado é a gorra, coloreada cun vermello que resulta clarificador entre os tons fríos e planos. Toda a súa composición é un xogo de contrapostos: o corpo está definido mediante curvas, a liña plasmada é recta e conforma ángulos. A disposición das cores é moi intelixente, pois o ton vermello queda á mesma altura que a palabra «Nós» situada á esquerda, mentres a liña verde as recalca. A composición e o cromatismo están pensados de tal xeito que resulte á vez asimétrica e equilibrada, dirixindo o protagonismo ao título da revista.

Outro punto notable é a tipografía escollida. Trátase de letras deseñadas mediante triangulacións invertidas, ascendentes ou descendentes. Son brancas e están colocadas sobre un fondo escuro, o cal fai destacar a mensaxe: «Nós. Revista da cultura galega. Ourense. Grabado coreado de FerMazas». A elección deste artista para un cartaz coma este, destinado a anunciar a publicación, es-



Fig. 1: Arco da Vella.
Cándido Fernández Mazas.
Publicado na revista Nós
o 1 de Decembro de 1922,
correspondendo o número 14.




Fig. 2: Anuncio de Augas
de Mondariz.
Cándido Fernández Mazas.
Publicado na revista Nós
o 1 de Decembro de 1922,
correspondendo o número 14.

taba en liña co desexo de integrar a artistas galegos novos e tamén aos que contaban cunha carreira artística de percorrido. Todos eles incorporaban tanto as innovacións que viñan cos estilos europeos como contribuían co seu propio talento. Fernández Mazas apareceu máis adiante en Nós cando se publica o seu gravado a cor *Arco da Vella* (fig. 1), o *Retrato de Euxenio Montes para o seu artigo «Estética da Muiñeira»* e o anuncio de *Augas de Mondariz* (fig. 2) en 1922, así como un *Nú* (fig. 3) feito en París durante a súa viaxe á capital gala en 1925 e que foi logo publicado en 1926. Nisto influíra a que era unha das figuras centrais no impulso de levar adiante a revista, o esteta Vicente Risco, quen se inclinara, en maior medida, por artistas como Fernández Mazas para que tivesen unha presenza na publicación, dándolle pulo en todas as direccións.

A Arte como Filosofía de Vida.

Célebre polos seus artigos publicados en *A Nosa Terra* dende 1918, Vicente Risco (fig. 4) destacara polas súas ideas expostas en *Do noso filósofo. Prosas galeguistas. Para «A Nosa Terra»* (15 de novembro de 1918), *Prosas galeguistas* (25 de maio de 1919) e *Da nazonalización galega. Cosmopolitismo e universalismo* (25 de agosto de 1919). Nelas a arte aparece como un elemento imprescindible na construción da sociedade galega e como un espazo no que pasado, presente e futuro se daban a man. Pero tamén dunha visión da cultura, e máis concretamente da cultura galega, como unha proa pioneira na que Galicia, xunto cos países máis avanzados, fose quen achegase dende a súa singularidade, obras que contribuísen ao progreso e riqueza da humanidade.

A este pensamento uníuselle o seu forte interese nas vangardas, como aparece nos seus artigos e traducións de literatura, especialmente francesa, catalá e portuguesa; tal mostra disto son *Literatura extranxeira. Traducións de V. Risco. Xan Arturo Rimbaud* (15 de xuño de 1919), *Xente nosa. Euxenio Montes* (5 de agosto de 1919) e *Xente de fóra. Max Jacob* (15 de agosto de 1919), *Crítica literaria. Letras portuguesas* (10 de maio de 1920) e *Letras nosas e alleas. Letras galegas en Francia. Valle-Inclán ultraísta. Euxenio Montes. A Avant-garde catalana* (20 de agosto de 1920). Únese a isto, os seus

poemas, sinxelos e encantadores, que recreaban a vitalidade e o culto á rehumanización das persoas que era propio dos poetas vangardistas que admiraba. *Versos novos* (*Cántiga para acompañar co pandeiro, Balada de mal cristián e Interior o Gaston La Touche*) (15 de abril de 1919), *Lírica nova. O vento pasa. O mar cantou* (15 de abril de 1921) e *U... ju juu...* (*poema futurista*) (25 de febreiro de 1920) son un exemplo disto.

Pero todo isto estaba guiado polo amor de Risco ás vangardas artísticas. De todas as súas publicacións en *A Nosa Terra* neste tema, destacan particularmente dúas: a transcripción da *Notable disertación de Vicente Risco. Arte nova* (20 de marzo de 1920) e *O artista, o home* (7 de xaneiro de 1922). En moitos aspectos Risco foi quen fixo emerxer os principios humanistas inherentes ao espírito galego, trasladándoos a unha estética. E dado que existe unha sensibilidade nese espírito, o estilo no que dende o seu punto de vista mellor o expresaba son as vangardas. Comprendía a liberación que supoñían en canto á emancipación da expresión do ser. E tal foi así que, nunha conferencia como a de *Arte Nova*, afirmou que eran movementos como o Simultaneísmo e o Orfismo da arte de Sonia Delaunay os que tiñan maior futuro na arte galega. En eco coa rica e estimulante personalidade de Risco, vía neles a capacidade que tiñan para transmitir a través da cor e das composicións o sentido da harmonía, frescura, exuberancia sobria, ledicia e mocidade sabia que el observaba no espírito galego.

Non é de estrañar por iso que Vicente Risco adquirise moitos dos gravados de FerMazas, á vez que o artista realizaría ata dous retratos do esteta. (Hoxe este conxunto está exposto na Fundación Vicente Risco). As súas imaxes, cunha combinación harmónica das cores seguindo un ritmo, de formas asimétricas proporcionadas e dotada de carácter, resultaban ideais para el. Reflectían unha elegancia natural en liñas que destacaban un carácter entre cores cheas de vida. Algúns deles, como o *Retrato de Robert Delaunay* (fig. 5), resultan significativos pola equivalencia que viu entre os Delaunay e o artista. Unha das maiores mostras deste entusiasmo polo Simultaneísmo aparece en dous feitos; o primeiro deles é que no momento no que tivo oportunidade, acudiu ao Petit Casino en Madrid para admirar os interiores pintados que executa-



Dibazo por FERNÁNDEZ MAZAS

Fig. 3: Nú.
Cándido Fernández Mazas.
Publicado na revista Nós o 25 de Xullo de 1926, correspondendo o número 31.




Fig. 4: Retrato de Robert Delaunay.
Cándido Fernández Mazas.
Tinta chinesa e gouache sobre papel. Medidas: 24,7 x 16,3 cm.
Fundación Vicente Risco, Allariz.



Fig. 5: *Tour Eiffel*.
1918. Poemas: Vicente Huidobro.
Ilustracións: Robert Delaunay.
Fundación Vicente Risco, Allariz.

ra Sonia na súa estancia durante a Primeira Guerra Mundial. O segundo feito é que, como mostra de cariño, o escritor Vicente Huidobro agasallara a Risco cun exemplar do seu poemario *Tour Eiffel* con ilustracións orixinais de Robert (fig. 6). Por todas estas razóns, Fernández Mazas era perfecto para facer un cartaz como o realizado para *Nós*.

Bibliografía.

Hughes, G. (2014): *Resisting Abstraction. Robert Delaunay and the Vision in the Face of Modernism*, Chicago, The University Chicago Press.

Richard, L. (1978): *Phaidon encyclopedia of Expressionism*, London, Phaidon.

VV.AA. (2014): *Sonia Delaunay*, London, Tate Publishing.

VV.AA. (1990): *O Movemento renovador da arte galega no Museo de Arte Contemporánea «Carlos Maside»*, Sada, Edicións O Castro.

Greene, V. (2014): *Italian Futurism. Reconstructing the Universe*, New York, Guggenheim Museum Publication.

